



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 9/2019

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZANOVE.

En Ordes, a vinte e seis de xullo de dous mil dezanove.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Extraordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D^a. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D^a. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- PAULA CASTENDA BLANCO.
- GONZALO VEIRAS CASTRO.
- D^a. ALBA REGOS MATA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D^a. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás catorce horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 12/07/2019.

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión extraordinaria, de data 12 de xullo de 2019, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria de data 12 de xullo de 2019, resultou aprobada por maioría de quince votos a favor, coas abstencións da Sra. Castenda Blanco e Sr. Veiras Carneiro, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

PUNTO SEGUNDO: BONIFICACIÓN COTA ICIO, LICENZAS URBANÍSTICAS DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN AGROGANDEIRAS.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que se conceda esta bonificación a todas as obras de construción/ampliación de explotación gandeiras a fin de beneficiar a instalación destas explotacións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se está a conceder a todas elas dende que está a ordenanza fiscal en vigor, teñen que facelo previa solicitude, informe do departamento de urbanismo, ditame da comisión informativa e aprobación no pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **GANDEIRIA MUIÑO GRELA, S.C.**, con CIF nº J70210695, solicitude de data 25/06/2019, rexistro de entrada nº 201999900000393, de obras de ampliación de explotación gandeira existente “**VACÚN DE LEITE**” (**ampliación de almacén e construción dun muro de contención**), en Lg. Vilagudín, Lesta – ORDES (**Expdte. 165/2.019 – 2.019/U022/000034**).

PUNTO TERCEIRO: RATIFICACIÓN TEXTO DEFINITIVO CONVENIO URBANÍSTICO MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO MUNICIPAL PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE SOLO INDUSTRIAL EN LG. QUEIRUA, ORDES.

Visto o texto inicial do convenio urbanístico, asinado con data 24 de maio de 2019, para levar a cabo a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal para a delimitación dun sector de solo urbanizable de solo industrial en Lg. Queirua, Ordes.

Visto que o texto inicial someteuse ao trámite de información pública mediante anuncio publicado no DOG nº 105, de data 05/06/2019 e no diario La Voz de Galicia, de data 03/06/2019, polo período de un mes, do 05/06/2019 ao 05/07/2019 inclusive, sen que durante dito prazo teña presentado reclamación algunha.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

Visto que o texto inicial do convenio urbanístico anterior ao non presentarse alegación algunha elevouse a definitivo.

Visto que no trámite de vista ás persoas que negociaron e subscribiron o texto inicial aceptaron este texto inicial elevado a definitivo sen formular ningún reparo.

Visto que o Convenio urbanístico ten como obxecto posibilitar un modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal para a consecución de solo industrial para garantir a viabilidade e o crecemento dunha empresa o que terá unha clara incidencia no emprego e desenvolvemento económico deste municipio.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo. Queren por de manifesto que en catro anos o Sr. Alcalde non foi capaz de sacar adiante o Plan Xeral de Ordenación Municipal. Agora temos parches. Se hai parches que se poidan tramitar sen alegacións, se hai alegacións de algún veciño que se teñan en conta. Isto é favorable para os veciños do Municipio.

Intervén a Sra Regos Mata, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. O seu voto vai a ser favorable por que o máis positivo e destacable é o impacto socioeconómico que vai a ter en Ordes xa que desta maneira vai a combaterse o peche de empresas que ocasionou en Ordes a crise económica anos atrás.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se está a tratar unha modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do ano 1996. Inténtase cambiar un solo rústico de protección agropecuaria no que hai instalada unha empresa, que como di o convenio hai unha serie de construcións que non son compatibles co solo no que están instaladas. Dende o concello hai que intentar favorecer, adaptar a normativa para darlle unha seguridade xurídica a esta empresa para que poida seguir traballando, transformando eses terreos que son solo rústico en solo industrial que é o que debe ser para que esa empresa poida estar nese lugar. Fora disto, o primeiro como xa dixemos na Comisión Informativa, o convenio que se nos pasou está redactado en castelán, entenden que debe estar redactado en galego cando se asine. En segundo lugar, hai unha ordenación detallada que é a que se propón, que efectivamente como din os servizos técnicos non é vinculante nesta fase. Entenden que unha vez que se propón unha ordenación detallada xa debería ir recollido o 10% de aproveitamento urbanístico do solo que hai que cederlle ao concello de Ordes. Na ordenación detallada que se propón óllanse unhas prazas de estacionamento, en concreto 122, que non van a servir de nada aló, entenden que poden servir para a xente que vai a traballar á empresa e as usen. O que é un solo dotacional correspondente a ese 10% de aproveitamento urbanístico ten que ir recollido agora. En base ao informe do técnico redactor do PXOM é nun futuro plasmarase no documento de desenvolvemento do sector. Hai haberá unha parcela para o que sexa necesario, ben para un almacén para o Concello ou unha edificación para un servizo público, o que se queira facer a nivel municipal. Por último, reflexar a clara mensaxe que se nos está a mandar dende o goberno municipal e que levamos advertindo dende o BNG nos últimos anos, que é a total parálise que ten o documento do PXOM en tramitación, que acadou a súa aprobación inicial en marzo de 2016 e van máis de tres anos e non conseguimos someter o documento a unha aprobación provisional, que é o seguinte paso que hai que facer. Levamos tres anos sen contestar as setecentas alegacións formuladas, estamos completamente parados, non houbo nin unha soa reunión para darlle para adiante. Cando se



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

intenta modificar unhas normas subsidiarias de planeamento do ano 1996, entón a mensaxe é clara. Modificación que ven recollida no propio PXOM que delimita ese mesmo sector de solo urbanizable. A intención é intentar durmir o PXOM, optando por modificacións puntuais das normas subsidiarias para estas necesidades das empresas para ter un solo con seguridade xurídica. Van a votar favorablemente este punto para solucionar esta cuestión.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o máis importante é que se poida resolver a situación dunha empresa instalada alí fai moitos anos e que ten xerados moitos postos de traballo e que espera siga xerando moitos máis ao longo dos anos. Polo tanto é máis que necesaria esta modificación puntual, que é certo que está recollida no PXOM, documento que para nada esta esquecido. Respecta as palabras e maneira de falar do Sr. Vidal Ríos, está no seu dereito, tamén ben ao pleno a facer política. Levan tres anos traballando, non pode dicir que non houbo ningunha reunión. As oitocentas corenta alegacións dos veciños foron todas elas informadas polo técnico municipal en varias reunións nas que estiveron convidados todos os representantes da corporación municipal a participar nelas. Mentres non se aprobe provisionalmente o documento non se pode notificar a estes veciños o resultado destas alegacións. Non trate de enganar deliberadamente á xente cando se leva traballando moito tempo, mantidas moitas reunións coa AXI, Patrimonio, Augas de Galicia, como con outros organismos para desentullar dunha vez por todas moitos dos informes condicionados ou desfavorables que viñeron nestes tres anos dende que se aprobou inicialmente o PXOM, gracias tamén ao apoio do BNG, que foron os únicos que foron capaces de facer nese pleno algo beneficioso para o concello de Ordes. Polo menos temos un documento aprobado inicialmente que nunca se acadou pese a telo intentado outras formacións políticas. Van a seguir traballando na aprobación provisional. Cando se falou con esta empresa para tramitar esta modificación puntual, vai a tramitarse de forma paralela para a súa inclusión no PXOM, como outros convenios sobre os que se manterá unha reunión no mes de setembro. Se non se puido ter reunións antes desta data foi pola súa baixa pro enfermidade que sufriu durante varios meses o ano pasado. Houbéralle gustado deixar rematado no ano 2018 toda a fase de informes, despois a situación veu como veu e non se puido levar a cabo co comezo das eleccións. Pide que lle busque o exemplo do concello que ao igual que Ordes teña aprobado inicialmente o PXOM, marzo de 2016, antes da entrada en vigor da nova Lei do Solo, que estea máis avanzado na tramitación que o Concello de Ordes. Búsquelle o exemplo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non dixo que non se celebrase ningunha reunión. Dixo que non se celebraron todas as reunións, faltan reunións para falar, quedouse en que se ía a falar sobre o que é a normativa e levamos máis dun ano esperando. Esta dicir o que hai.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non hai máis dun ano, diga a verdade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que está a dicir a verdade, o Sr. Alcalde pode dicir a súa verdade.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta cando se celebraron as reunións o ano pasado, en que mes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a finais do verán.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi en setembro.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que falta un mes para o ano. Estase chegando a uns límites. Hai un ano aproximadamente. As alegacións están sen contestar por que non están todas resoltas. Non hai que contestalas unha vez que se faga a aprobación provisional, hai que contestalas antes.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que informalas, aprobalas no pleno e despois remíteselle a contestación aos veciños que fixeron as alegacións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que pregunta se os veciños reciben algunha contestación antes do pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que responde que non.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que pode dicir que non, entende que si. Recentemente en Abegondo fíxose así. Se non se quere facer igual, no se fai. Non pasa nada. Dille un concello que no ano 2008 contratou unha empresa para facer un PXOM, non ano 2010 chegou a aprobación inicial e dous anos despois, nos levamos máis de tres, chegou a aprobación provisional e despois a definitiva do documento. En catro anos Mesía ventilouse a aprobación provisional do documento do PXOM. En Ordes levamos o demo deles.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que segue sen contestarlle o que lle preguntou. Alguén que houbera conseguido a aprobación inicial antes do 19 de marzo de 2016. Non lle está a falar de Mesía, Frades, Oroso ou outro concello.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que antes do ano 2016 están os anos 2012 e 2013.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se está a falar de que se aprobase inicialmente antes da entrada en vigor da nova lei do solo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se di que a nova lei do solo facilita a tramitación con respecto á anterior.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que precisamente, que se quere comparar Mesía con Ordes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que claro que as compara, Mesía está aquí ao carón, quere que lle fale de San Sadurniño ou de outro lado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pode falar do que queira pero non ten ningún tipo de comparación.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Ratificar o texto definitivo do convenio urbanístico para levar a cabo a modificación puntual das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal para a delimitación dun sector de solo urbanizable de solo industrial en Lg. Queirua, Ordes.
2. Notificar este acordo aos interesados, requiríndoos para que o texto definitivo sexa asinado dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación del texto definitivo. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

PUNTO CUARTO: APROBACIÓN PROVISIONAL MODIFICACIÓN PUNTUAL DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO DO CONCELLO DE ORDES NO NÚCLEO DE REBOREDO.

Visto o acordo do Pleno do Concello, de data 02/03/2018, de aprobación provisional da modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo.

Visto o requirimento do Servizo de Urbanismo da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, para proceder a aprobación definitiva desta modificación puntual, da necesidade completar o expediente co informe da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (disposición adicional 2ª do Real Decreto 2591/1998 e art. 29 do Decreto 584/1972)

Visto o informe, de data 08/05/20198, da Dirección Xeral de Aviación Civil do Ministerio de Fomento (Expdte. 190067).

Visto que como consecuencia do informe anterior e a súa incorporación ao documento de modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo, este debe ser sometido novamente a aprobación provisional

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Obras e Urbanismo.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que son procedentes as afirmacións que fixeron con anterioridade de que se tramite con celeridade o PXOM. Están de acordo sempre que se garanticen os accesos e se subsanen as deficiencias sinaladas no informe da Xunta de Galicia, entenden que é positivo para o pobo, que se continúe coa tramitación.

Intervén o Sr Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que xa se pronunciaron en marzo de 2018, o eu voto foi favorable neste punto, non van mudar a súa posición.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tamén se posicionaron ao respecto nese pleno no ano 2018, o seu voto foi en contra, non porque digan que esta modificación puntual non pode saír adiante. Están en contra por que se pretende suprimir un vial, están de acordo en que alí non ten razón de ser, pero suprímese ese vial e propónse que esa superficie do vial estea excluída da edificabilidade, que non se teña en conta na hora da edificabilidade. É un absurdo, entenden e así se motivo o seu voto negativo. Saben como é a zona de Reboredo, máis naquela contorna. Por que non se aproveita, xa que se pretende suprimir este vial e se incorpora esta superficie que hai aquí, que queda exenta de edificabilidade, no fronte para anhear ese tramo de vial. É unha actuación lóxica, con sentido, que tería recibido o seu voto favorable. Lamentan que nesta ocasión, na que había uns documentos que non se presentaron e que agora lles esixen, que non se aproveite este baipás para intentar mellorar esa situación. En base ao exposto de posibilidade de mellora na situación na contorna é polo que van a votar outra vez en contra.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa falárono no seu momento, parte son edificacións que loxicamente quedarán fora de ordenación, non están obrigadas a respectar unhas novas aliñacións, no resto a intención manifesta das persoas propietarias deste terreos é edificar, o



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

día que edifiquen van ter que facer a cesión oportuna e recuar a unha situación que se corresponda co planeamento. O Sr. Vidal Ríos quere que quede máis anchura nese lugar, é a súa opinión. Entende que cando se vai a ver a un veciño lle di que cede pero que ceda o de enfrente exactamente igual. Independentemente de que exista un mecanismo de carácter intermedio que permita ir máis para un lado que para outro, sigue pensando por que é lóxico que cando se fai unha ampliación dun vial se ceda exactamente igual por ambos lados a non ser que sexa unha situación totalmente ilóxica. É un arco de curva moi sinxelo que ten parte de edificacións, coñece perfectamente toda a súa topografía e demais. Antes de ser Alcalde foi que inicio os traballos que levou a esta modificación puntual. Mantense a aprobación provisional par conseguir a aprobación definitiva canto antes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), tres votos en contra (3 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal no núcleo de Reboredo.

2.- Dar traslado do expediente á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a efectos da súa aprobación definitiva.

PUNTO QUINTO: RATIFICACIÓN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 07/06/2019, SOLICITUDE CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA SUBVENCIÓN PARA UN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO, ORDE DE 17/04/2019 (DOG Nº 88, DE DATA 09/05/2019).

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 07/06/2019, solicitude Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para un obradoiro dual de emprego, Orde de 17/04/2019 (DOG nº 88, de data 09/05/2019).

Vista a Orde 17/04/2019 (DOG nº 88, de data 09/05/2019), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2019.

Visto o disposto nos arts. 1, 3 e 18 de a Orde de 17/04/2019.

Visto o disposto nos arts. 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, arts. 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e art. 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Visto o disposto nos arts. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é bo para o concello facer isto. Que se manteñan as condicións de igualdade para poder participar neste obradoiro de emprego. É produtivo para este concello.



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Intervén a Sr Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo con que se faga este obradoiro. Todo o que sexa formación para os veciños, para ter unha oportunidade laboral están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que votarán a favor.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 07/06/2019, solicitude Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha subvención para un obradoiro dual de emprego, Orde de 17/04/2019 (DOG nº 88, de data 09/05/2019).

PUNTO SEXTO: RATIFICACION ACORDOS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 05/07/2019 E DE DATA 12/07/2019, SOLICITUDES MINISTERIO DE ENERGÍA, TURISMO Y AGENDA DIGITAL SUBVENCIÓN A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZAN O PASO A UNHA ECONOMÍA BAIXA EN CARBÓN NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMENTO SOSTIBLE 2014-2020 (R.D. 616/2017, DE 16 DE XUÑO) (BOE Nº 144, DE DATA 17/06/2017).

Vistos os acordos das Xuntas de Goberno Local, de data 05/07/2019 e de data 12/07/2019, solicitudes Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbón no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (R.D. 616/2017, de 16 de xuño) (BOE nº 144, de data 17/06/2017).

Visto o R. D. 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixo en carbono, no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (BOE nº 144, de data 17/06/2017).

Visto o disposto nos arts. 5, 6 e 7 do R.D. 616/2017, de 16 de xuño.

Vistas as medidas singulares que pode adoptar este Concello para o aforro e eficiencia enerxética que contribúan ao desenvolvemento económico deste municipio, así como ao cumprimento dos obxectivos fixados no POCS.

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que é bo para o concello, canta menos contaminación ambiental haxa mellor. Se temos esta subvención para adaptar o alumeadado público á tecnoloxía led é bo para o concello.

Intervén a Sra Regos Mata, voceira do grupo político UxO, que sinala que o seu voto vai a ser favorable, sobre todo o que sexa solicitar subvenciones, ademais estas subvencións van



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

a ter unha mellora na eficiencia enerxética. Están de acordo coas dúas medidas de axuda a 6 e a 9 polo importante aforro económico que vai a conseguirse.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que van a votar favorablemente. Teñen algunha dúbida, quedalle unha pequena espiña na subvención para a piscina climatizada polo tema da solar térmica que se intenta instalar. Todos os sistemas de enerxías renovables aportan un aforro, incluso diminución de emisións de CO₂ á atmosfera. Igual é unha instalación no que outra sistema conseguiría sacarlle máis rendemento. A piscina climatizada cando máis demanda ten é nos meses de inverno, finais e principio de ano, outubro, novembro, decembro, xaneiro, febreiro, marzo, todos estes meses. Precisamente cando a auga da rede ben máis fría, están máis baixas as temperaturas, a auga que hai que quentar ben tamén máis fría. O rendimento desas pracas é máis baixo cando máis demanda hai. Igual sería máis interesante unha xeotermia ou aerotermia. Son máis caros, certo é. Unha vez que se fai a inversión, facer esta con máis rendemento. Evidentemente o aforro que se vai a conseguir na instalación benvido sexa. Poderán dicirle que o BNG pediu a instalación de pracas solares no concello, si, pero neste caso era solar fotovoltaica, para a creación de enerxía eléctrica que non se almacena en ningún acumulador, a consume o propio edificio ou se subministra á rede e se lle cobra por ela. Non estamos a falar de xerar auga quente que hai que acumular nalgún sitio ou que o rendimento cando máis demanda hai é menor. Votarán favorablemente, agarda que sirva para mellorar a situación no edificio.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que agradece a valoración positiva destes proxectos. Os cálculos de consumos e aforro están feitos segundo as horas de luz/día, agosto é o cuarto mes do ano no que se xeran máis horas de luz e aproveitamento para esas pracas solares, seguido dos meses de maio, xuño e xullo. Vai a falarlle do seu horto solar. De acordo coas facturas teñen un consumo anual de 63.800 kwh e o ideal sería por unha instalación de 20 kw nominais e 24 kw pico. A produción sería de 28.300 kwh cun autoconsumo instantáneo do 87% desta cantidade, o resto serían excedentes polos que tamén teríamos unha compensación. Desta maneira poderían aforrar entre un 20-25% da facturación, cunha inversión cercana aos 26.000,00 euros, cunha subvención do 80%, amortización de 3 anos 11 meses. Datos do horto solar. Tirando de paneis de 5 vatios, teríamos que por 64, tendo en conta a dimensión do panel e a separación necesaria para evitar as sombras, a superficie necesaria por pranta sería de 260 m², pero non hai máis de 90,00 m², tendo en conta as dimensións do inmobile, a forma das cubertas e dos elementos que hai nela. A estrutura que hai no caso de que se poida aproveitar podería dar para por uns 16 paneis de 6 kw a inversión sería duns 7.500 euros, pero o aforro na factura non sería maior do 2%.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que está ben que diga os datos e que se analicen. Pero non lle dixeron so na cuberta do edificio. Unha das ubicacións podería ser a cuberta do edificio, tamén lle faláron dos pavillóns polideportivos que teñen bastante superficie e que se pode vender á rede esa enerxía, ou utilízala. A súa proposta era neste sentido. Se mira a proposta ía para máis sitios. Había esa oportunidade de subvención, se tiña a ben o goberno municipal de intentar aproveitala, so informaban diso.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que será obxecto de análise con máis cautela.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o prazo de solicitar a subvención xa pasou.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezasete votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Ratificar os acordos das Xuntas de Goberno Local, de data 05/07/2019 e de data 12/07/2019, solicitudes Ministerio de Energía, Turismo y Agenda Digital subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbón no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (R.D. 616/2017, de 16 de xuño) (BOE nº 144, de data 17/06/2017).

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás catorce horas e trinta e dous minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE-PRESIDENTE

O SECRETARIO